
Plan de Igualdade

CIEFP: Someso

Curso: 2022 - 2023

RAZÓNS QUE XUSTIFICAN A ACTUACIÓN

O CIEFP Someso é un centro integrado de formación profesional onde se imparten ciclos formativos de grado medio e superior, e ciclos de formación profesional básica.

As familias profesionais son as seguintes:

- Imaxe persoal
- Fabricación mecánica
- Madeira, moble e cortiza
- Edificación e obra civil
- Transporte e mantemento de vehículos automóbiles

A fenda de xénero en todas elas segue a ser unha realidade moi afastada da idoneidade, distribuíndose o alumnado do seguinte xeito no curso 2022-23:

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNADO MATRICULADO	HOMES	MULLERES
Imaxe persoal	370	47	323
Fabricación mecánica	412	389	23
Madeira, moble e cortiza	183	159	24
Edificación e obra civil	313	191	122
Transporte e mantemento de vehículos automóbiles	261	248	13



FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1. Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece como principio da educación, no seu artigo 1, “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. No artigo 2 dise que que o sistema educativo se orientará a consecución de determinados fins, nos que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (....)” .
2. Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia determina no seu artigo 3.2 que a formación profesional fomentará a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para accederen a unha formación que permita calquera tipo de opcións profesionais, así como o seu exercicio.
3. Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no seu Capítulo II recolle que o plan de convivencia dos centros educativos integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e





- conterá actuacións preventivas, re educadoras e correctoras.
4. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, establece no artigo 17, apartado d) O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizos.
 5. VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 perfílase como o instrumento marco para reducir as brechas de xénero existentes nos distintos ámbitos, e avanzar na consecución da igualdade efectiva de mulleres e homes.





DAFO:

DEBILIDADES	<ul style="list-style-type: none"> • Elevado número de alumnado • Familias profesionáis moi estereotipadas 	<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado moi implicado • Enorme compromiso polo equipo docente e o equipo directivo a prol da mellora e da excelencia no proceso ensino-aprendizaxe • Conciencia colectiva da necesidade de formar en valores ó noso alumnado 	FORTALEZAS
AMENAZAS	<ul style="list-style-type: none"> • Mensaxe social a través das RRSS • Información pouco veraz e non contrastada 	<ul style="list-style-type: none"> • Posibilidade de levar a cabo actuacións transversais na formación integral do alumnado • Apoio da administración en xeral e da Consellería de educación en particular 	OPORTUNIDADES



OBXECTIVOS

Os obxectivos que o centro persigue a través deste plan son os seguintes:

1. Ofrecer unha educación afectivo – sexual tendo en conta as distintas identidades e orientacións sexuais.
2. Promover a participación do alumnado nas actividades propostas e facelo artífice da súa formación en igualdade.
3. Dotar ao centro de material visible que promova a igualdade e as relacións igualitarias nas parellas.
4. Conmemorar o 25N e o 8M.

ACCIÓNS E TEMPORIZACIÓN

ACCIÓN	CONCRECIÓN DA MEDIDA/ ALUMNADO DESTINATARIO	TEMPORALIZACIÓN
<p style="text-align: center;"> Colaboración coa organización SEDRA (Federación de Planificación Familiar), Asociación Galega para a Saúde Sexual (AGASEX) e Escola de Enfermería da Coruña (SERGAS) </p>	<ul style="list-style-type: none"> - Obradoiros de formación en materia de saúde afectivo-sexual e educación sexual. - Destinatarios: alumnado de 2º curso de FP Básica 	<p style="text-align: center;">2º Trimestre</p>



<p>Colaboración co CIM (Centro de información ás mulleres)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Participación nas actividades propostas. - Destinatarios: todo o alumnado do centro. 	<p>1º Trimestre</p>
<p>Elaboración de vídeos ou outro tipo de publicacións en redes sociais</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de vídeos ou outro tipo de publicacións en redes sociais que amosen o apoio á educación en igualdade. - Debate posterior - Destinatarios: todo o alumnado do centro. 	<p>Todo o curso</p>
<p>Colaboración coa Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá do Concello da Coruña</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Conversa coa YouTuber Mara Jimenez para amosar a presión sobre a figura da muller para o seu desenvolvemento persoal - Destinatarios: alumnado da familia de imaxe persoal 	<p>1º Trimestre</p>
<p>Commemoración do 25N con elementos acústicos</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Reflexión sobre a cantidade de mulleres asasinadas polo mero feito de ser muller - Destinatarios: todo o alumnado do centro. 	<p>1º Trimestre</p>
<p>Concurso de debuxos relacionadas coa igualdade</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Selección dun debuxo para facer en formato graffiti nos muros do centro. - Destinatarios: todo o alumnado do centro. 	<p>Todo o curso</p>
<p>Graffiti en prol da igualdade no muro do centro</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade de realización do graffiti gañador do concurso de debuxos 	<p>2º e 3º Trimestre</p>





Commemoración do 8M	<ul style="list-style-type: none">- Elaboración de vídeos conmemorativos que amosen mulleres relevantes de Galicia explicando a súa realidade.- Destinatarios: todo o alumnado do centro.	2º Trimestre
----------------------------	--	--------------

SEGUIMIENTO DAS ACCIÓNS E AVALIACIÓN INTERNA

Para levar a cabo o proceso de seguimento e avaliación de cada unha das actividades propostas, trimestralmente a Comisión de Igualdade co centro elaborará un informe no que se indique o resultado e valoración das mesmas.

Estas reunións terán lugar na mesma data que as reunións da Comisión de Convivencia.

A comisión de Igualdade estará formada polas mesmas persoas que a comisión de Convivencia e terá representantes de alumnado, profesorado, personal de administración e servizos, e da dirección do centro. Esta comisión será presidida pola persoa titular da dirección do centro e como secretaria actuará a xefa do departamento de información e orientación profesional.



INDICADORES

ACCIÓN	INDICADOR	CRITERIO ACEPTACIÓN
Colaboración coa organización SEDRA (Federación de Planificación Familiar), Asociación Galega para a Saúde Sexual (AGASEX) e Escola de Enfermería da Coruña (SERGAS)	Porcentaxe de participación	>50%
Colaboración co CIM (Centro de información ás mulleres)	Participación en accións	SI
Elaboración de vídeos ou outro tipo de publicacións en redes sociais	Nº de publicacións	>30
Colaboración coa Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá do Concello da Coruña	Porcentaxe de participación	>50%
Conmemoración do 25N con elementos acústicos	Porcentaxe de participación	>50%
Concurso de debuxos relacionadas coa igualdade	Nº de debuxos	>5
Graffiti en prol da igualdade no muro do centro	Graffiti	SI
Conmemoración do 8M	Porcentaxe de participación	>50%